

MOBILIDADE EN GALICIA POR MOR DO TRABALLO

Carlos L. Iglesias Patiño¹ e M^a Esther López Vizcaíno²

^{1,2} Instituto Galego de Estatística

RESUMO

Estúdase a mobilidade habitual por razón de traballo en Galicia, fundamentalmente a nivel municipal, mediante a explotación dos ficheiros da Seguridade Social en termos de afiliados. Constrúese unha matriz de fluxos dende os concellos de residencia aos de traballo que serve para definir un indicador para clasificar os municipios e unha medida de desvencellamento entre eles que permite visualizar uns clusters de mobilidade.

Palabras e frases chave: Mobilidade, análise cluster.

1. INTRODUCCIÓN

Levi-Bacci(1993) define a mobilidade como a capacidade da poboación de desprazarse no territorio. Interésanos que estes desprazamentos sexan por razón de traballo, por tanto obrigatorios a mais das veces, e non duradeiros pero que non sexan esporádicos senón habituais. Os máis frecuentes son os estacionais e os pendulares, estes últimos son os que se producen a cotío (ou con período semidiario) nos días laborais e quizais sexan os máis estudados na literatura. Habemos excluir a mobilidade residencial, isto é as migracións, por ser duradeira.

No entanto, é posible que se estean a producir movementos semellantes pero que non teñan esta frecuencia senón unha menor (unha, dúas ou tres veces por semana...). Isto é, o seu período é meirande e non tan regular. Para referirmonos a eles e mais aos pendulares empregaremos o vocábulo bambear.

A mobilidade bambear está moi influída pola fixación da residencia e unhas das variables que influen nela son a accesibilidade ao lugar de traballo e as referidas ao mercado inmobiliario (prezo de compra-venda, alugueiro...) así como a dispoñibilidade de servizos públicos, comercio e distraccións. No entanto, tampouco habemos incluír a mobilidade por mor do estudo, para mercar ou cara a unha segunda residencia propia ou familiar ou outras de lecer, inda que poidan influir nos movementos de bambán.

Existen precedentes no estudo da mobilidade por razón do traballo entre eles os baseados nos últimos censos (IGE, 2002) e outros máis académicos (Salom y Delios, 2000; Pazos, 2005a; Pazos, 2005b). Tamén se teñen realizado enquisas sobre o asunto (Pazos y Alonso, 2009), o que resulta orixinal deste traballo é empregarmos fontes propias do mercado laboral. Isto comporta a vantaxe de seguimento anual ou, mesmo, inferior ao ano.

Este tipo de mobilidade crea os seguintes problemas. Cando o centro de traballo se atopa fóra do termo municipal orixínanse uns movementos bambeares, na meirande parte pendulares, que dan lugar a un importante volume de tráfico rodado polas estradas galegas. Por esta razón, resulta interesante estudar a relación orixe-destino dos desprazamentos, xa que permite ver en que itinerarios ou entre que localidades se concentran os principais fluxos.

Para o traballador implica uns custes de varios tipos, o máis evidente é o incremento do gasto en combustible ou en transporte, que no caso que sexan a cargo del implican un ingreso dispoñible menor. Pero tampouco hai que esquecer os relativos ao tempo, en concreto na conciliación da vida laboral e familiar, que mesmo podería estar repercutindo nun peor rendemento académico dos fillos.

Por todo o anterior, o principal obxectivo deste traballo é, polo tanto, o estudo da mobilidade laboral empregando fontes propias do mercado laboral. Para iso o que resta deste traballo estrutúrase do seguinte xeito: na sección seguinte faise unha análise descritiva da mobilidade a través dos afiliados á Seguridade Social (SS), a continuación, establécese unha serie de clusters de mobilidade, que nos permitirán establecer grupos de concellos onde os movementos son máis intensos e finalmente, preséntanse as conclusións do estudo.

2. MOBILIDADE DOS AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL

Nesta sección faise unha análise da mobilidade empregando os datos de afiliados á SS no réxime xeral e mar por conta allea, variable proxy aos ocupados asalariados, que se obtiveron dos ficheiros que a Tesorería General de la Seguridad Social envía ao IGE con periodicidade trimestral. Hai que ter en conta que estes datos son diferentes aos que publica o IGE ou a Seguridade Social nas súas webs. Correspóndense con persoas e, os do IGE ou a Seguridade Social, con relacións laborais. Pode haber varias relacións laborais por persoa. Polo tanto, os datos que se empregarán neste traballo correspóndense coas persoas en alta laboral na SS a finais do ano 2011. Esta fonte vai permitir unha visión máis estrutural do problema, aproxima o nivel 'stock' a unha data.

Dos datos de afiliados á SS de Decembro de 2011 dedúcese que hai uns 694 mil asalariados que residen na comunidade autónoma (C.A.) de Galicia. Destes, máis do 45% traballan no mesmo concello de residencia e un 53,74% exercen a súa actividade fóra del. Se a análise se realiza por comarcas, os datos cambian substancialmente, así, máis de dous terzos dos traballadores traballan na comarca onde residen e só un 32,7% traballa fóra dela. Se se analizan os concellos con máis de 1000 afiliados cuxos traballadores traballan noutro concello da mesma comarca destacan Oleiros, Cambre, Culleredo, Barbadás, Nigrán, Gondomar e Abegondo, todos eles con máis do 65% dos seus residentes traballando noutro concello da comarca. Por outra banda, o 2,6% dos traballadores residen noutra C.A. e só un 0,2% vive no estranxeiro (Táboa 1).

Os traballadores que viven noutra C.A. traballan principalmente nas sete grandes cidades e en Arteixo, Carballeda de Valdeorras, Bergondo, Ribadeo, o Barco de Valdeorras, San Cibrao das Viñas, Culleredo, Porriño e Redondela (estes concellos concentran preto do 70% dos traballadores procedentes doutras CC.AA.).

Os traballadores que viven no estranxeiro traballan principalmente nos concellos das provincias limítrofes con Portugal, en concreto, nos de Vigo, Tui, O Porriño, Tomiño, Redondela, Mos, Pontearreas, Ourense, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas, co 71% dos traballadores estranxeiros.

Afiliados segundo o lugar de residencia		
	Afiliados	Porcentaxe
No mesmo concello de traballo	321.046	46,26
Noutro concello	372.946	53,74
Noutro concello da comarca	146.053	21,05
Noutra comarca da provincia	167.726	24,17
Noutra comarca das outras provincias de Galicia	40.048	5,77
Noutra CCAA	17.879	2,58
No estranxeiro	1.240	0,18
Total	693.992	100,0

Táboa 1.- Traballadores asalariados segundo lugar de residencia

Tendo en conta os datos anteriores, poderíase definir un indicador que relacione os asalariados que residen no concello cos asalariados que traballan no mesmo concello. Isto podería facerse por cociente e empregando os afiliados é dicir $R_{a,i} = A_{i,i}/A_i$, onde $A_{i,j}$ denota os afiliados que residen no concello i e traballan no j e co punto denotamos, como adoito, o total marxinal correspondente. Denominaremos a este indicador **razón de atracción**.

Antes de pasar a analízalo cómpre mencionar que a correlación por rangos entre $A_{i,i}$ e A_i é moi elevada, superior ao 0,94. O concello onde hai máis afiliados que residen no propio concello é Vigo, como cabería esperar, e a unha certa distancia A Coruña. No entanto, cando se considera os afiliados que traballan no concello, a distancia non só diminúe notablemente senón que A Coruña ($R_a = 1,48$) atrae, en termos relativos, máis ca Vigo ($R_a = 1,24$).

San Cibrao das Viñas (figura 1) é o concello con meirande razón de atracción, máis de 7, fronte a Cesuras que é o que ten a mínima atracción con apenas 0,15. Menos do 15% dos concellos presentan máis afiliados dos que residen neles, isto é, teñen unha razón de atracción superior a 1. Poderíamos denominalos polos ocupacionais por atraeren afiliados. Fronte e estes, hai unha inmensa maioría de concellos cunha razón de atracción inferior a unidade. As tres cuartas partes dos municipios non chegan a 0,80 de razón de atracción e máis da metade non acadan o 0,60.




Figura 1.- Razón de atracción nos concellos galegos

3. CLUSTERS DE MOBILIDADE

Unha vez que temos a análise descritiva dos movementos, é interesante establecer unha serie de clusters de mobilidade, que nos permitirán establecer grupos de concellos onde os movementos son máis intensos. Inicialmente está dispoñible a matriz dos fluxos dende os concellos de residencia aos de traballo $[A_{ij}]$. Precisábase para empregar un procedemento estándar de análise cluster dunha medida que semellara unha proximidade.

Para iso construíuse unha medida de desvencellamento a partires da matriz de fluxos. O desvencellamento entre dous concellos había ser menor entre os que amosasen un fluxo entre eles meirande, porque os concellos con máis fluxos entre eles están máis vencellados. O xeito de asignar un único fluxo entre os dous partindo de dous fluxos orientados foi considerar a súa media aritmética.

Por outra banda, este fluxo medio, ou os seus compoñentes, veñen influídos polo tamaño do concello que o podemos medir en afiliados residentes. Para mitigar este problema considerouse unha medida do tamaño do par de concellos que se construíu mediante a súa media xeométrica. En resumo, o desvencellamento entre o concello i e o j defínese como se presenta a seguir:

$$d_{ij} = \frac{\sqrt{A_i \cdot A_j}}{\frac{A_{ij} + A_{ji}}{2}}$$

Tendo en conta a matriz de desvencellamentos aplicouse, dun xeito introdutorio, a análise cluster empregando o paquete R e a instrución “hclus” co algoritmo de agrupación de Ward, que ten como obxectivo a busca de clusters compactos e esféricos maximizando a homoxeneidade dentro dos grupos. Para iso considera todas as posibles fusións en cada etapa concreta e elixe a que maximiza a homoxeneidade. A análise cluster, polo tanto, proporciona unha clasificación aglomerativa, xerárquica e monotética dos concellos galegos con base na información dispoñible tendo en conta a matriz de desvencellamento.




Figura 2.- Clusters de mobilidade

Obtivéronse 14 cluster (figura 2), a metade correspondentes ás sete cidades. A Galicia mindoniense está constituída por dous, o de Ferrol e o da mariña luguesa. O das Mariñas, cunha cabeceira na Coruña e unha subcabeceira en Betanzos. Dentro da provincia da Coruña, aparecen o de Bergantiños-Costa da Morte, un interior e o de Santiago-Barbanza. Na provincia de Pontevedra o do Salnés, o de Pontevedra, o de Vigo e o do Condado. Na provincia de Lugo preséntanse tamén o de Lugo, cunha subcabeceira en Monforte de Lemos, e o do oriente lindeiro con Asturias. E logo dous clusters transprovinciais, o da provincia de Ourense coa súa rede de vilas e mais o central do Deza e Arzúa-Melide.

Cómpre salientar que Ordes e Oroso se atopen no Central transprovincial, que Quiroga e Folgoso do Courel se atopen no de Ourense a través de Valdeorras e dous concellos da provincia de Pontevedra, por mor do Carballiño. A Estrada inclúense no do Salnés. Carnota é atraída polo de Santiago a través de

Muros e Noia. Abadín no da Mariña. Pol e Meira pertencen ao oriental. E Arteixo forma parte do cluster Bergantiños-Costa da Morte no canto de estar incluído no da Coruña.

3. CONCLUSIÓNS

En resumo, inda que en Galicia non existe unha gran metrópole compacta, presenta algúns dos seus problemas como son os numerosos desprazamentos por motivo de traballo, abonda ver que os afiliados traballen máis noutro concello que no de seu, e dentro destes desprazamentos a importancia dos intracomarcais e os intercomarcais na mesma provincia. Este fenómeno debería contemplarse na planificación socioeconómica e ambiental. As administracións rexionais poderían empregar os datos de mobilidade de cara a planificación de infraestruturas e ordenación do territorio, así como, para a delimitación de áreas urbanas e metropolitanas (Pazos, 2005a e b).

REFERENCIAS

- IGE (2002) *Censo de poboación e vivendas 2001: Desprazamentos por razóns de traballo*.
- Livi-Bacci, M (1993) *Introducción a la demografía*. Ed. Ariel, Barcelona
- Pazos, M. (2005a) El estudio de la movilidad diaria en España: limitaciones en las fuentes y alternativas propuestas. *Ería*, 66, pp. 85-92.
- Pazos, M. (2005b) *Mobilidade e planificación urbana en Santiago de Compostela: cara un sistema de transportes sustentable*. IDEGA. Universidade de Santiago de Compostela. Documentos de traballo. Imprenta Universitaria. Santiago de Compostela.
- Pazos, M. y Alonso, M.P. (2009) La movilidad laboral diaria: contrastes territoriales en el Eje Atlántico Gallego. *Ería*, 78-79, pp. 97-112.
- Salom, J y Delios, E. (2000) Movilidad laboral como criterio de delimitación territorial: su aplicación en la Comunidad Valenciana, en Castañer, M. et al (Coor.). *Áreas urbanas y movilidad laboral en España*. Servei de Publicacions Universitat de Girona. Girona.